

Servizo de Turismo

CONCELLERÍA
DE
FESTAS E TURISMO

CONCELLO
DE VIGO



TESORERIA

ASUNTO: SUBVENCÍONS NOMINATIVAS DO SERVIZO DE TURISMO.

Á vista da solicitude da Tesorería de emisión de informe ao respecto das subvencións nominativas, o Servizo de Turismo

INFORMA,

Que de acordo co disposto no informe de data 9 de febreiro 2018 (Expte.6936-104) ata o ano 2017, a xestión da colaboración do Concello de Vigo coa Fundación Vigo Convention Bureau para dar continuidade á difusión das actuacións de promoción conducentes á presentación da candidatura das "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade", viñan desenvolvéndose de acordo co establecido no art. 26,1 de Lei 9/2007 de subvencións de Galicia por unha subvención nominativa, enmarcado nun convenio de colaboración, no que se establecían as condicións e obrigas derivadas da subvención.

A Lei xeral de subvencións establece no artigo 2.2 " No están comprendidas no ámbito de aplicación de esta lei as achegas dinerarias entre diferentes administracións públicas, para financiar globalmente a actividade da Administración á que vaian destinadas e as que se realicen entre os distintos axentes dunha administración cuxos presupostos se integren nos Presupostos Xerais da Administración á que pertencen, tanto si se destinan a financiar globalmente a súa actividade como a realización de actuacións concretas a desenvolver no marco das funcións que teñan atribuídas, sempre que non resulten dunha convocatoria pública".

Á vista do informe do servizo de Intervención de data de 9 de febreiro de 2018 (expte.6936-104) de transferencia de financiamento do Concello de Vigo á FVCB para o seu funcionamento durante o exercicio 2018, no que alude ao Convenio Cíes 2018 como: "A estimación dos ingresos que presenta a FVCB inclúe o concepto Convenio 250.000,00€, o servizo xestor na súa execución debe considerar o disposto no artigo 2.2 da Lei Xeral de Subvencións."

Así, a fórmula de subvención nominativa substitúese pola de transferencia de financiamento non suxeita a Lei xeral de subvencións dende o ano 2018.

Polo exposto, dende o Servizo de Turismo non xestionamos subvencións nominativas.

Vigo, na data de sinatura dixital.

A técnica do servizo de Turismo
Fátima Dueñas Corchero

Conforme
A Concelleira delegada da área de Festas e Turismo
M^a Carmen Lago Barreiro



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 62/142

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 09/12/2019 11:45

Páxina 1 de 1

CSV: 22EEC6-D453EF-CBC48A-JGR1KD-DZH848-H1